



**SINDICATO de  
ADMINISTRACIÓN**

**TRABAJADORES  
de JUSTICIA**



**GALICIA**

**SINDICATO INDEPENDENTE E ESPECÍFICO DA ADMINISTRACIÓN DE  
XUSTIZA, SEN SUBVENCIÓNS NIN ATADURAS**

ENRIQUE ARAUJO MARTINEZ en representación do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ) en Galicia.

No ano 2015 a Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e Galicia dicta a Instrucción 3/2015 ampliatoria das Instruccións 6/2014 e 7/2014 sobre presentación telemática de escrito iniciadores e non iniciadores e demais documentos presentados polas partes nos asuntos civís, e en base a esas Instruccións os Secretarios Coordinadores Provinciais requiren aos Letrados dos distintos xulgados dos partidos xudiciais que contan con un ou dous órganos xudiciais para que lle faciliten unha listaxe de funcionarios que voluntariamente queiran facer unha prolongación de xornada (unha hora mais de media ao día sobre a xornada laboral de cada época) para realizar as funcións de rexistro e repartición telemática de asuntos dentro do seu partido xudicial, labor que indistintamente se podía, e se pode, realizar polos integrantes dos tres corpos ( Xestión, Tramitación e Auxilio) e polo persoal do xulgado decano como do xulgado que non fose decano.

Nun principio, esta labor de rexistro e repartición en prolongación de xornada e de xeito voluntario só afectaba aos asuntos civís, quedando excluídos os asuntos penais que se seguían rexistrando polos funcionarios do xulgado decano como viñan facendo ata entón, non era obrigatorio a súa presentación e rexistro telemático, pero iso cambiou co tempo, e despois duns meses a presentación e rexistro telemático afectou tamén aos asuntos penais.

Na actualidade na inmensa maioría dos partidos xudiciais que contan con dous xulgados (Ordes-Noia- Corcubión- Padron- Mondoñedo-Monforte- Vilalba- Viviero- O Carballiña- Verín- O Barco de Valdeorras- Redondela-Caldas de Reis- Marín- Lalín e A Estrada) á persoa que de xeito rotativo e voluntario e mediante prolongación de xornada se ocupa do rexistro e repartición telemática dos asuntos civís e penais, non lle chega a hora de media que ao día ten para dedicarlle a esa labor, véndose obrigada a quedar mais tempo que a hora determinada pola prolongación de xornada que lle retribuen, empleando moitas veces o dobre do tempo estipulado, exceso de tempo que non se lles retribúe, situación que está a facer que moitos compañeiros/as se estén plantexando deixar esta labor se non se designa unha persoa mais ao mes para compatir esa función que non poden realizar dedicándolle nunha hora diaria.

En base ao exposto, SOLICITO que naqueles xulgados de partidos xudiciais con dous órganos xurisdiccionais nos que se estan realizando funcións voluntarias de rexistro e repartición telemática de asuntos mediante prolongacións de xornada por quendas dunha soa persoa ao mes, se designen quendas de dúas persoas, pagándolles a cada unha delas unha prolongación de xornada mensual, co gallo de que poidan realizar estas funcións sen necesidade de dedicarlle mais tempo que o regulado e que non se lle retribue.

Pontevedra a 21 de setembro de 2021

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA. Rúa de Madrid 2-4, 2º andar.- SANTIAGO DE COMPOSTELA



A CORUÑA (Paco) 609 29 24 38 (MARIO) 673 288 322 FERROL (María) 658 61 55 15 SANTIAGO (Martín) 604 06 51 43

LUGO (Jose Luis) 649 77 8 142 OURENSE (Conchi) 655 80 58 10

PONTEVEDRA (Kike) 605 12 80 68 VIGO (Julián) 647 40 18 60 (Paulino) 677 68 91 16

**PODES VER A NOTICIA COMPLETA EN [stajgalicia.blogspot.com](http://stajgalicia.blogspot.com)**